C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

# ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E DOUS DE XANEIRO DE 2015 , CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

| | |
|---|---|
| Alcalde-Presidente | D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO |
| Tenentes de Alcalde: | D. MANUEL COSTA CARNEIRO |
| | Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE |
| | D. ROGELIO LEMA MOUGÁN |
| | Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS |
| Secretario | D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO |

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e dous de xaneiro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e nove de decembro do ano pasado, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares**

2.1.- Instancia núm. 201400000001275 de dona Montserrat Bascoy Lamelas.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar e construción de garaxe (expediente núm.: 2014/U008/000018), situada en Argunte nº 14 –San Mamede de Ribadulla, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1), cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; núm. Plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m e un coeficiente inferior a 0,30 $m^2$ de superficie edificable baixo teito por cada $m^2$ de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela cun orzamento de 84.839,46 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000202400NH43D0001SD.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.-Construirase de acordo co proxecto presentado. En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

De acordo co establecido no artigo 29 da citada Lei 9/2002, deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

2º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (55,78 $m^2$).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil seiscentos noventa e seis euros con setenta e nove céntimos (#1.696,79#)

2.2.- Instancia núm. 201400000001556 de don José Carlos Pereira Villanueva ( Expte. Número 2014/U018/000002)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ames, solicita licenza para parcelación de finca con referencia catastral 001500400NH43C0001TR, situada en Caxaraville –San Miguel de Sarandón, en solo cualificado no PXOM en parte como solo de núcleo rural (N-1), en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado asinado polo enxeñeiro técnico agrícola don Francisco Javier Beillet García.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelación da citada finca nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de 120,00 euros.

Así mesmo o terreo destinado a viais, cuxa cesión ao concello prevé a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, farase efectiva cando se soliciten as licenzas de edificación de cada parcela.

2.3.- Instancia núm. 201500000000044 de don Ramón Puente Iglesias.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, expón que a Xunta de Goberno lle concedeu licenza para construción de peche en Castro (expediente 2013/U009/000100) e dado que por diversos motivos non se puideron rematar as obras solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado e concederlle unha prórroga dun ano para o remate das citadas obras.

**3º.-Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas para a adxudicación da obra de *Acondicionamento de camiños en San Xián, Illobre, San Fins e outros do AGADER***

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de *Acondicionamento de camiños en San Xián, Illobre, San Fins e outros* do AGADER, mediante procedemento negociado sen publicidade.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado prego.

**4º.- Facturas varias**

Dáse conta das seguintes facturas**:**

| *Número Factura* | *Data Factura* | *Importe €* | *Nome Provedor/Acredor* | *Descrición* |
|---|---|---|---|---|
| 1501C0132490 | 01/01/2015 | 171,95 | Securitas Direct S.A. | Servizo de mantemento da alarma da biblioteca municipal período 1T/2015 |
| 1501C0101941 | 01/01/2015 | 168,76 | Securitas Direct S.A. | Servizo de mantemento da alarma da casa da terceira idade período 1T/2015 |
| 1501C0168709 | 01/01/2015 | 237,95 | Securitas Direct S.A. | Servizo de mantemento da alarma da casa consistorial período 1T/2015 |
| 78 | 26/12/2014 | 6.241,48 | Grupo Acofide, S.C. | Servizo de xestión de instalacións e actividades do polideportivo municipal mes decembro/2014 (prazo 15/48) |
| 5/14 | 18/12/2014 | 77,00 | Barcala Chedas Montserrat | Impartición obradoiro de bailoterapia para a terceira idade |
| 1421 | 27/11/2014 | 217,80 | Herraiz Cabanas Rosa | Traballos de ilustración para o calendario municipal 2015 e lona con mapa para a actividade *Vedra en Ciencia* |
| 03/C14-15 | 30/12/2014 | 270,00 | Sánchez Lojo Delio | Achega municipal ás clases de pintura do mes de decembro/2014 |
| 15/2014 | 31/12/2014 | 206,80 | Guerra Neira Juan | Gastos do magosto da terceira idade celebrado en novembro 2014 |
| 1401070899 | 01/12/2014 | 223,79 | ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias | Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes decembro/2014 |
| 1408468 | 26/12/2014 | 37,51 | Proel Ascensores, S.L. | Reparación de fluorescentes e cebadores do ascensor do CPI de Vedra realizada en novembro/2014 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 14/13 | 31/12/2014 | 1.685,14 | Freiría Suárez José María | Prestación dos servizos de limpeza no mes de decembro/2014 |
| A/15315 | 31/12/2014 | 206,49 | Marbe Hispania, S.L. - Hormigones | Formigón para construción de rampla no CEIP de Santa Cruz subministrado en decembro |
| 45 | 05/12/2014 | 955,90 | Inteaga Enxeñeria, S.C. | Traballos de medición planimétrica de finca e centro de saúde de Vedra |
| 44 | 05/12/2014 | 968,00 | Inteaga Enxeñeria, S.C. | Traballos de medición de finca municipal en San Fins de Sales |
| 35 | 29/09/2014 | 528,04 | Inteaga Enxeñeria, S.C. | Coordinación de seguridade e saúde da obra construción de aparcamento en San Xián de Sales |
| 34 | 26/09/2014 | 769,56 | Inteaga Enxeñeria, S.C. | Coordinación de seguridade e saúde da obra construción de senda peonil en San Fins de Sales |
| 1 | 30/01/2014 | 162,06 | Pena Alonso José M. | Servizo de transporte para os usuarios do centro de saúde mes xaneiro/2014 |
| 2 | 28/02/2014 | 144,05 | Pena Alonso José M. | Servizo de transporte para os usuarios do centro de saúde mes febreiro/2014 |
| 3 | 30/03/2014 | 128,04 | Pena Alonso José M. | Servizo de transporte para os usuarios do centro de saúde mes marzo/2014 |
| 4 | 30/04/2014 | 190,54 | Pena Alonso José M. | Servizo de transporte para os usuarios do centro de saúde mes abril/2014 e baleirado da foxa séptica de Tomonde |
| 5 | 30/05/2014 | 144,05 | Pena Alonso José M. | Servizo de transporte para os usuarios do centro de saúde mes maio/2014 |
| 9 | 30/06/2014 | 135,97 | Pena Alonso José M. | Servizo de transporte para os usuarios do centro de saúde mes xuño/2014 |
| 10 | 30/07/2014 | 265,03 | Pena Alonso José M. | Servizo de transporte para os usuarios do centro de saúde mes xullo/2014 e baleirados da foxa séptica de Tomonde |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 11 | 30/08/2014 | 237,02 | Pena Alonso JoséM. | Servizo de transporte para os usuarios do centro de saúde mes agosto/2014 e baleirados da foxa séptica de Tomonde |
| 12 | 30/09/2014 | 207,34 | Pena Alonso José M. | Servizo de transporte para os usuarios do centro de saúde mes setembro/2014 e baleirado da foxa séptica de Tomonde |
| 13 | 30/10/2014 | 186,54 | Pena Alonso JoseéM. | Servizo de transporte para os usuarios do centro de saúde mes outubro/2014 e baleirado da foxa séptica de Tomonde |
| 14 | 30/11/2014 | 142,49 | Pena Alonso José M. | Servizo de transporte para os usuarios do centro de saúde mes novembro/2014 e baleirado da fosa séptica de Tomonde |
| 15 | 30/12/2014 | 88,00 | Pena Alonso José M. | Servizo de transporte para os usuarios do centro de saúde mes decembro/2014 |
| A15/1 | 05/01/2015 | 4.992,00 | Artes Gráficas Alonso, S.L. | Impresión de 500 exemplares do libro *Ponte Ulla ten Historia* |
| 34 10294 | 30/12/2014 | 552,00 | Ulla-Oil S. L. | Gasóleo C para a calefacción da casa do Concello subministrado en decembro/2014 |
| 35 39 | 02/01/2015 | 586,50 | Ulla-Oil S. L. | Gasóleo C para a calefacción da gardería subministrado en xaneiro |
| 35 73 | 03/01/2015 | 601,68 | Ulla-Oil S. L. | Gasóleo C para a calefacción da casa da terceira idade subministrado en xaneiro |
| 93162594 | 07/01/2015 | 453,51 | Siemens Renting, S.A. | Aluguer da máquina fotocopiadora da planta baixa mes xaneiro |
| 14-1804 | 31/12/2014 | 7,00 | Puente Ulla S.L. | Gasolina para a brigada de obras subministrada en decembro/2014 |
| 14-1805 | 31/12/2014 | 66,50 | Puente Ulla S.L. | Gasóleo A para o vehículo 2445 BHL de Protección Civil subministrado en decembro/2014 |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 14-1806 | 31/12/2014 | 1.527,07 | Puente Ulla S.L. | Gasóleo A e repostos para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrados en decembro/2014 |
| 14-1807 | 31/12/2014 | 28,00 | Puente Ulla S.L. | Gasolina para a maquinaria da brigada verde subministrada en decembro/2014 |
| 14-1808 | 31/12/2014 | 122,00 | Puente Ulla S.L. | Gasóleo A para o vehículo C6142BS da brigada verde subministrado en decembro/2014 |
| 14-1809 | 31/12/2014 | 62,76 | Puente Ulla S.L. | Gasóleo A para o vehículo C6247BF da brigada de obras subministrado en decembro/2014 |
| 6450 | 07/01/2015 | 33,65 | Vego Supermercados, SAU | Produtos para o servizo de madrugadores adquiridos en xaneiro |
| 9 TICKETS | 30/12/2014 | 62,32 | Acredores diversos | Materiais para a ludoteca mercados dende setembro/2014 a xaneiro/2015 |
| 140000542 | 31/12/2014 | 173,05 | Drogueria-Ferreteria El Sol, SL | Materiais para arranxos na ludoteca e produtos para o punto limpo subministrados en decembro/2014 |
| 612 | 19/12/2014 | 357,50 | Viajes Peillet S.L. | Servizo de autocar para viaxe da terceira idade ás termas de Ourense o día 17/12/2014 con achegas dos participantes |
| 0755/E14 | 30/12/2014 | 167,71 | Talleres San Fins S.L. | Reparación de roda do tractor Lamborghini E9223BBB en decembro/2014 |
| 0754/E14 | 30/12/2014 | 9,68 | Talleres San Fins S.L. | Reparación roda do vehículo C6247BF da brigada de obras en decembro/2014 |
| 0753/E14 | 30/12/2014 | 456,21 | Talleres San Fins S.L. | Reparacións e ITV do tractor J. Deere E2564BDT no mes de decembro/2014 |
| 0752/E14 | 30/12/2014 | 1.443,12 | Talleres San Fins S.L. | Arranxos das rozadoras lateral e avanzada no mes de decembro/2014 |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 20150002 | 07/01/2015 | 2.824,14 | Martínez Maceira Monica | Traballos de arranxo fotográfico, maquetación e deseño do libro *Pazo de Santa Cruz Patrimonio Verde de Galicia* |
| 840132931 | 27/12/2014 | 52,74 | Ricoh España, SLU | Fotocopias realizadas nas máquinas das oficinas xerais e de servizos sociais período 01/09/2014 a 30/11/2014 |
| 1 | 09/01/2015 | 65,50 | Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia | Produtos subministrados en xaneiro para reunión relativa aos *Xenerais da Ulla* |
| 317 | 25/10/2014 | 158,51 | Segade Martínez José Manuel | Reparacións feitas no CEIP de Santa Cruz no mes de outubro/2014 |
| 321 | 23/12/2014 | 358,16 | Segade Martínez José Manuel | Reparacións feitas na cociña do CPI de Vedra no mes de decembro/2014 |
| 43 | 30/12/2014 | 569,30 | Instalac. Electricas Lino - Casal Neira Lino | Traballos realizados no CPI de Vedra, casa cultura de Santa Cruz, centro de saúde de Vedra dende agosto a decembro/2014 |
| A00026669 | 31/12/2014 | 12,48 | Campos y Costas Consulting, S.L. | Servizos de transporte-mensaxería prestados no mes de decembro/2014 |
| 478/14 | 31/12/2014 | 168,07 | Talleres y Repuestos Barco S.L. | Produtos para mantemento dos tractores municipais subministrados en decembro/2014 |
| 1503 | 11/01/2015 | 7.387,05 | López Carro José Juan - MARLO | Subministro e instalación de 3 marquesiñas modelo Vedra para refuxio de viaxeiros en Vilanova, San Xián e San Fins |
| 1505 | 11/01/2015 | 308,55 | Lopez Carro Jose Juan - MARLO | Subministro de vidro temperado para cerrado dunha marquesiña en Sarandón-San Miguel |
| 14/00989 | 31/12/2014 | 506,00 | Sapa-Contenedores y Servicios, SL | Servizo de contedores para o punto limpo no mes de decembro/2014 |
| 4001467157 | 31/12/2014 | 302,01 | S. E. Correos y Telégrafos S.A. | Servizo de franqueo pagado mes decembro/2014 |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4 | 13/01/2015 | 139,15 | Dixitalcor 2011, S.L. | Cartel anunciador de obra para o departamento de urbanismo subministrado en xaneiro |
| 49 | 30/10/2014 | 21,78 | Camino Bouzón Miguel Angel | Programación da caldeira do centro de saúde de Vedra realizada en outubro/2014 |
| 50 | 30/10/2014 | 254,10 | Camino Bouzón Miguel Angel | Reparación de avaría no pozo da auga do campo da festa de Trobe realizada en outubro/2014 |
| 51 | 28/11/2014 | 94,38 | Camino Bouzón Miguel Angel | Revisións do motor e dos aseos da escola de San Fins realizadas en novembro/2014 |
| 52 | 28/11/2014 | 106,48 | Camino Bouzón Miguel Angel | Limpeza da caldeira e filtros da calefacción do centro de saúde de Vedra realizada en novembro/2014 |
| 53 | 28/11/2014 | 279,51 | Camino Bouzón Miguel Angel | Traballos de fontanería e calefacción na casa de cultura de San Miguel, no antigo xulgado e na ludoteca en novembro/2014 |
| 59 | 31/12/2014 | 106,48 | Camino Bouzón Miguel Angel | Revisión da calefacción da ludoteca realizada no mes de decembro/2014 |
| 60 | 31/12/2014 | 217,80 | Camino Bouzón Miguel Angel | Reparación avaría pozo auga e limpeza da caldeira e filtros da calefacción do CPI de Vedra realizadas en decembro/2014 |
| S14/144059 | 31/12/2014 | 33,00 | La Voz de Galicia, S.A. | Subscrición ao xornal *La Voz de Galicia* mes decembro/2014 |
| GC000011 | 31/12/2014 | 650,00 | Maeve McLoughlin | Impartición de clases de inglés no CEIP de Santa Cruz durante o mes de decembro/2014 |
| A/420 | 31/12/2014 | 459,80 | Fromico, S.L. (Manuel Baluja) | Servizo de limpeza da casa consistorial no mes de decembro/2014 |
| A-0866439 | 15/01/2014 | 55,48 | Consellería de Facenda | Taxas autonómicas para autorización da celebración da proba deportiva *I Ruta Trail da Camelia* |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A-0866438 | 15/01/2014 | 55,48 | Consellería de Facenda | Taxas autonómicas para autorización da celebración da proba deportiva *V Ruta BTT da Camelia polo Val do Ulla* |
| 2015002 | 02/01/2015 | 2.052,97 | Electricidad Cruceiro, SL | Servizo de mantemento da iluminación pública mes decembro/2014 |
| 940/200327147 | 13/01/2015 | 263,64 | Rentokil Initial España, SA - Delegación Galicia | Servizo de unidades hixiénicas para a casa consistorial e para a gardería período do 01/01/2015 ao 30/06/2015 |
| TAA4SB0024304 | 19/01/2015 | 22,17 | Telefónica de España, SAU-Movistar | Servizo de fax no departamento de servizos sociais municipais mes xaneiro (consumo de decembro/2014) |
| 35 228 | 09/01/2015 | 986,24 | Ulla-Oil S. L. | Gasóleo B para os tractores municipais subministrado na nave de Trobe en xaneiro |
| 15-A/1.490 | 15/01/2015 | 593,96 | Sistemas de Seguridade A-1, SL | Servizo de mantemento e conexión á central receptora da alarma do museo Paz Camps ano 2015 |
| 1F 27 | 16/01/2015 | 255,00 | Iglesias Garea Salvador (@quí - centro dixital) | Selos azuis subministrados para realización do programa de promoción turística *Vedra de Tapas* |
| 14/000225 | 30/12/2014 | 32,31 | M.C. Mapoca, S.L. | Materiais para colocación de espello na vía pública subministrados en decembro/2014 |
| 14/000224 | 30/12/2014 | 73,57 | M.C. Mapoca, S.L. | Lámpadas de baixo consumo e servizo de grúa para o CPI de Vedra no mes de decembro/2014 |
| 0B1/2015 | 15/01/2015 | 300,00 | Couto Rendo Rocío | Impartición dos obradoiros *Entretempo de Nadal* do 26/12/2014 ao 02/01/2015 |
| 141 | 31/12/2014 | 97,25 | García García, S.C. | Zocas e luvas para o persoal de axuda no fogar subministradas no 4T/2014 |
| 147 | 31/12/2014 | 244,85 | García García, S.C. | Produtos de limpeza e aseo para o CPI de Vedra e para a biblioteca e a ludoteca municipais subministrados no 4T/2014 |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 146 | 31/12/2014 | 169,36 | García García, S.C. | Vestiario e produtos de limpeza e aseo para protección civil, brigada verde e punto limpo subministrados no 4T/2014 |
| 145 | 31/12/2014 | 221,91 | García García, S.C. | Materiais para actividades culturais (xuventude) e promoción turística (*Vedra de Tapas*) subministrados no 4T/2014 |
| 144 | 31/12/2014 | 444,64 | García García, S.C. | Materiais e produtos para a sardiñada, o magosto e a festa de Nadal da terceira idade subministrados no 4T/2014 |
| 142 | 31/12/2014 | 632,43 | García García, S.C. | Materiais para mantemento de instalacións e locais municipais subministrados no 4T/2014 |
| F-002/2015 | 02/01/2015 | 1.716,00 | Carrillo Dominguez Severo | Lotes de produtos alimenticios e de aseo para reparto polos servizos sociais municipais |
| F-001/2015 | 02/01/2015 | 1.660,60 | Carrillo Dominguez Severo | Lotes Nadal para Alcaldes Pedáneos e bolsas de caramelos para atencións protocolarias e actividades culturais do Nadal 2014-2015 |
| 1 | 20/01/2015 | 236,00 | Asociación Mulleres Rurais de Teo | Gastos de material (camelias de labor de gancho) para a festa da camelia e Congreso Internacional |
| 150000002 | 15/01/2015 | 498,00 | Droguería-Ferretería El Sol, SL | Materiais (cortiza decoración, taboleiro, adhesivo de contacto e outros) subministrados para o CEIP de Santa Cruz |
| 05300421/S | 01/01/2015 | 440,00 | Editorial Compostela, SA | Subscrición anual 2015 ao xornal *El Correo Gallego* (período do 01/01/2015 ao 31/12/2015) |
| 629594639 | 12/01/2015 | 406,93 | Mapfre Seguros de Empresas | Recibo da póliza 0791270010930 do seguro contratado para a antiga estación do tren de Santa Cruz (09/01/2015-09/01/2016 ) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| CI0757589421 | 15/01/2015 | 1.396,34 | Vodafone España, S.A.U. | Servizos de telefonía móbil e fixa período do 15/12/2014 ao 14/01/2015 |
| 12978 | 21/01/2015 | 229,54 | Ropa y Calzado Profesional, S.L. (La Bata) | Vestiario para o persoal do servizo de limpeza da maná subministrado en xaneiro |
| Liquidación | | 84,35 | Sabio Sanz Carmen A. | Quilometraxe dos meses de outubro, novembro e decembro/2014 para o desenvolvemento do programa de educación familiar |
| | | 90,25 | Rendo Rial Pastora | Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes decembro/2014 |
| | | 110,50 | Graña Campelo Pilar | Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes decembro/2014 |
| | | 68,50 | Orosa Canicoba Cristina | Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes decembro/2014 |
| | | 66,50 | Iglesias Parada Carmen | Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes decembro/2014 |
| | | 69,00 | Vilariño Rodríguez Mª Cristina | Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes decembro/2014 |
| Liquidación | | 221,76 | Alonso Nodar Juan Carlos | Quilometraxe e axudas de custo dos meses de agosto e decembro de 2014 polos servizos prestados en protección civil e recollida do lixo |

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia na factura de Droguería - Ferretería El Sol S.L por ser parte interesada, acorda aprobar as citadas facturas

**5º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolucións da Alcaldía**

Dáse conta da Resolución nº 10/15 de data nove de xaneiro, que di o seguinte :

“Vista a comunicación núm. 29/15 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola que se transmite a propiedade do seguinte ben inmoble, mediante adxudicación directa, a título gratuíto: Finca 387 do polígono 508 da zona de concentración parcelaría de Ponte Ulla, no concello de Vedra (A Coruña), cunha extensión superficial de sete áreas e vinte centiáreas. Limita norte con camiño, sur con camiño, leste con camiño e oeste con Ricardo Villaverde Gondar (388), construción e camiño, sobre da que se localiza parte dun cemiterio, un local de servizos funerarios, un cruceiro , un banco, escaleira e rampla. Referencia catastral 15090A508003870000AO

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

En función do establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e no artigo 21.1f da Lei reguladora de bases do réxime local

RESOLVÍN:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión da propiedade, mediante adxudicación directa e a título gratuíto do ben inmoble con referencia catastral 15090A508003870000AO, sito en San Xoán da Cova –Ponte Ulla para destinalo a cemiterio parroquial.
SEGUNDO**.** Aceptar as demais condicións da cesión."

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a citada resolución

**6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía**

Dáse conta de Resolucións da Alcaldía do pasado mes de decembro:

| Nº Decreto | Data | Asunto |
|---|---|---|
| 439 | 01/12/2014 | Modificación horario SAF a dona Jesusa Fernández Regueira |
| 440 | 01/12/2014 | Delegación funcións na Tenente de Alcalde Dª Mª. Jesús Piñeiro Caldelas do 08 ao 16/12/2014 |
| 441 | 01/12/2014 | Alta no padrón municipal de habitantes de D. Olga Iglesias Peietado |
| 442 | 01/12/2014 | Adxudicación servizo limpeza casa do Concello a Fromico, S.L |
| 443 | 03/12/2014 | Solicitude concertación póliza de crédito con Abanca |
| 444 | 03/12/2014 | Creación Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas |
| 445 | 04/12/2014 | Clasificación ofertas contrato de obras Mellora da cuberta do centro sociocultural de Vedra |
| 446 | 04/12/2014 | Tramitación expediente Seguridade Social |
| 447 | 05/12/2014 | Aprobación proxecto obra de Acondicionamento camiños en San Xián, Illobre, San Fins e outros (AGADER) |
| 448 | 05/12/2014 | Concesión uso pavillón municipal a Compostela Judo para celebración do II Campionato de Vedra de Judo |
| 449 | 09/12/2014 | Adxudicación obra de Mellora de cuberta do Centro Sociocultural de Vedra |
| 450 | 09/12/2014 | Alta en padrón municipal de habitantes de Xián e Xoel Hermida Núñez |
| 451 | 09/12/2014 | Alta en el padrón municipal de habitantes de don Juan J. Ferreiro García |
| 452 | 11/12/2014 | Baixa na gardería da menor Noelia Álvarez Orosa |
| 453 | 11/12/2014 | Concesión praza na gardería á menor Oriana Iglesias Domínguez |
| 454 | 11/12/2014 | Concesión praza na gardería ao menor Marcelo Docampo Navarro |
| 455 | 11/12/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de dona Sara Suárez Domínguez |
| 456 | 12/12/2014 | Incoando expediente reposición legalidade por obras de rehabilitación de muro en Xián pola Comunidade de Propietarios |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

| | | |
|---|---|---|
| | | de Xián |
| 457 | 12/12/2014 | Designando coordinador de seguridade e saúde da obra de Arranxo de camiños en Romarís, Quintáns -Matelo, e San Pedro de Sarandón (DTC 93) |
| 458 | 15/12/2014 | Baixa servizo SAF de dona Jesusa Fernández Regueira |
| 459 | 17/12/2014 | Modificación de créditos (transferencias dentro da mesma área de gasto entre aplicacións con distinta vinculación xurídica. Da 334-62300 a 334-48000 e da 341-62301 a 334-22606) |
| 460 | 17/12/2014 | Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Arranxo de camiños en Romarís, Quintáns-Matelo e S. Pedro de Sarandón (DTC 93) |
| 461 | 17/12/2014 | Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de *Mellora da cuberta do Centro Sociocultural de Vedra* |
| 462 | 17/12/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de dona Victoria Lareo Porral e o seu fillo Leo Gamallo Lareo |
| 463 | 17/12/2014 | Clasificación ofertas obra da Ampliación rede de abastecemento Vedra -Xián |
| 464 | 18/12/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de dona María Carmen Sampedro López |
| 465 | 18/12/2014 | Aprobación conta xustificativa gastos do CPI de Vedra |
| 466 | 19/12/2014 | Incoando expediente reposición da legalidade por obras de ampliación de vivenda en Vilar promovidas por don Luís Cabo Boo |
| 467 | 23/12/2014 | Resolución expediente reposición legalidade concedendo prazo para executar obras denunciadas en Viñogrande |
| 468 | 23/12/2014 | Adxudicando a Grupo Acofide S.C prestación servizo de ximnasio |
| 469 | 23/12/2014 | Ordenando someter a consideración do pleno a aprobación do orzamento municipal do exercicio 2015 |
| 470 | 23/12/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de don Jesús Amboage Vite |
| 471 | 26/12/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de dona Graciela Iglesias Otero e fillos |
| 472 | 29/12/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Dª. Mª. Josefa Fontán e don Laureano Rey |
| 473 | 29/12/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de de Alba Santas Maceira |
| 474 | 29/12/2014 | Modificación de créditos (transferencias nas partidas 453-13100 e 920-12101 para nóminas de decembro) |
| 475 | 30/12/2014 | Incorporación SAF -dependencia de dona Isabel Barreiro Conde |
| 476 | 30/12/2014 | Ampliación intensidade SAF a dona Carmen Gamallo Sinde |
| 477 | 30/12/2014 | Ampliación intensidade SAF a don José Codeso Couto |
| 478 | 30/12/2014 | Ampliación intensidade SAF a don Eladino López Riveira |
| 479 | 30/12/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de don Benjamín Iglesias Reyes |
| 480 | 30/12/2014 | Modificación de créditos (transferencias de crédito fin de exercicio por importe de 23.346,00 euros para contabilizar gastos correntes dos capítulos 2 e 3) |
| 481 | 30/12/2014 | Decreto aprobación de facturas de fin de exercicio 2014 por un importe total de 10.654,09 euros |

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

A Xunta de Goberno dáse por informada.

**7º.- Outros asuntos**

7.1.- Solicitude de atención domiciliaria

Dáse conta da instancia núm 41/15 presentada por dona Mercedes Moure Vilanova de San Mamede de Ribadulla, solicitando atención domiciliaria para atención persoal e doméstica.

A Xunta de Goberno , á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1º.- Concederlle o servizo de axuda no fogar polo sistema de acceso de libre concorrencia cunha intensidade de 27 horas/mensuais, de luns a venres.

2º.- Aprobar unha achega da usuaria do 65% do custo do servizo, é dicir, 9,28 euros/hora, de acordo co establecido na ordenanza reguladora deste servizo.

7.2.- Aprobación padrón fiscal abastecemento de auga do 4º trimestre do 2014.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga do 4º trimestre de 2014, remitido pola empresa concesionaria do servizo, Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U, cuxo resumo é o seguinte:

Contribuíntes: 98.

$m^3$ facturados: 1.665 m3.

Importe total: 2.215,67 euros.

Canon da auga: 2.201,28 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

7.3.-Acordo, se procede, de devolución de aval a Sociser Galicia, S.L.

Dáse conta do escrito núm. 79/14 no que don Manuel Colmenero Maril, en representación de Sociser Galicia, S.L expón que o pasado 31 de decembro rematou o contrato de xestión do servizo de axuda no fogar, polo que solicita a devolución do aval constituído para responder da execución do contrato por importe de 2.573,97 euros.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e dez minutos